



BOP

MARTES, 12 DE ABRIL DE 2022

N.º 084

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 12-04-2022
ata a día 12-05-2022
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

SERVIZO DE RRHH E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 8 DE ABRIL DE 2022, POLO QUE SE RESOLVE DE FORMA DEFINITIVA O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA PROVER TRES (3) PRAZAS DE TÉCNICO/A SUPERIOR INFORMÁTICO/A, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS/AS AUXILIARES, GRUPO B, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTES ÁS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2017 E 2019.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 8 de abril de 2022, adoptou entre outros o seguinte acordo, que se reproduce de xeito literal:

"Celebrado o procedemento selectivo para prover tres prazas de Técnico/a Superior Informático escala administración especial, subescala técnica, técnica auxiliares, grupo B, do cadro de persoal funcionario, correspondentes a Oferta de Emprego 2017 e 2019, cuxas bases fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia número 101, de 6 de maio de 2021; Vista a proposta do Tribunal Cualificador, Visto que os aspirantes presentaron dentro do prazo a documentación a que se refire o punto 10.1 das Bases Xerais que rexen a convocatoria, cumprindo polo tanto os requisitos esixidos na base xeral 4 e base específica 5.1, esta Presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11.1 das Bases Xerais, propón a Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedementos selectivo nomeando a:

Don Ismael Ramos Pérez, para ocupar a praza 790, denominada Técnico/a Superior Informático (FP), escala administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares, Grupo B, do cadro de persoal funcionario, correspondente a Oferta de Emprego 2017 e o posto de traballo homónimo número 1185 (Nivel Entrada).

Don José Antonio Castro Begide, para ocupar a praza/posto 851, denominada Técnico/a Superior Informático (FP), escala administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares, Grupo B, do cadro de persoal funcionario, correspondente a Oferta de Emprego 2019 e o posto de traballo homónimo número 1335 (Nivel Entrada).

Don Víctor Manuel Sánchez López, para ocupar a praza/posto 852, denominada Técnico/a Superior Informático (FP), escala administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares, Grupo B, do cadro de persoal funcionario, correspondente a Oferta de Emprego 2019 e o posto de traballo homónimo número 1336 (Nivel Entrada).

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”.

O acordo faise público para cumprimento do punto 11.2 das Bases Xerais que rexen a convocatoria.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Lugo, 11 de abril de 2022.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0863

O presente documento estará
exposto no Taboero de
Anuncios desta Deputación
desde o día 12-04-2022
ata a día 12-05-2022
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

